

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE XULLO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:15 horas do día 14 de xullo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 12 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: Dna. María José Caride

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
 D^a. Catalina Alfayate Rodríguez (asiste aos puntos 2 e 6)
 D. Alberto Escariz Couso (asiste aos puntos 3, 8, 9 e 10)
 D. Jose Ángel Lago (asiste aos puntos 6, 8.a, 9.a e 10)
 D. Oscar Couce Senra (asiste aos puntos 4.a e 4.b)
 D. Ramón Cachalvite (asiste aos puntos 2 e 3)
 D. Manuel Monroy (asiste aos puntos 8.b e 9.b)
 D. Antonio Villanueva Guimeraes (asiste aos puntos 8.b e 9.b)
 D. Antonio Vivero Mijares (asiste aos puntos 8.b e 9.b)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

- a) **Acta da sesión do 3 de xullo de 2017**
Retírase por falta de quórum.
- b) **Acta da sesión do 4 de xullo de 2017 ás 9:30 horas**
Retírase por falta de quórum.
- c) **Acta da sesión do 4 de xullo de 2017 ás 12:00 horas**
Retírase por falta de quórum.
- d) **Acta da sesión do 6 de xullo de 2017 ás 12:45 horas**
Retírase por falta de quórum.
- e) **Acta da sesión do 10 de xullo de 2017 ás 10:00 horas**



Retírase por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

- a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) (Sobre A) (Enmenda documentación persoal)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 10 de xullo de 2017, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

- UTE INGESER ATLANTICA SL - SOGESEL DESARROLLO Y GESTION, SL
- CALFENSA PROYECTOS, SL

Ambos presentaron a documentación requirida no prazo concedido ao efecto. Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. UTE INGESER ATLANTICA SL - SOGESEL DESARROLLO Y GESTION, SL
2. CALFENSA PROYECTOS, SL

3.- Apertura da documentación técnica

- a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) (Sobre B)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

- a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:35	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64A-55E88H-C32B41-LLRMNZ-R6DGR4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo Total
1	CLOTHOS	72.625,92
2	PROYFE SL	75.323,58
3	UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIOAMBIENTE SL - EIC DURAN, SL	72.539,50
4	PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES SL	97.284,00
5	INGENIA PROYECTOS TECNICOS SL	77.924,00
6	G.O.C. SA	72.580,64
7	GALAICONTROL SL	74.072,67
8	AQUATICA INGENIERIA CIVIL SL	88.047,19
9	URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL SL	68.180,9
10	TECNICAS Y PROYECTOS SA (TYP SA)	81.656,73
11	SGS TECNOS, SA	79.171,51
12	ICEACSA CONSULTORES, SLU	85.547,00
13	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, SL	EXCLUIDO

Asisten á apertura:

- D. Julio Roberes Cominges, en representación de URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, SL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

- b) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía - Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440)**



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo Total
1	CLOTHOS	EXCLUIDO
2	PROYFE SL	49.368,19
3	UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIOAMBIENTE SL - EIC DURAN, SL	48.944,5
4	PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES SL	68365
5	G.O.C. SA	46.493,92
6	INGENIA PROYECTOS TECNICOS SL	53.532,69
7	UTE INGENIERIA DEL NOROESTE SL - GALAICONTROL SL	EXCLUIDO
8	AQUATICA INGENIERIA CIVIL SL	54.863,01
9	URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL SL	50.515,5
10	TECNICAS Y PROYECTOS SA (TYPISA)	54.986,19
11	SGS TECNOS, SA	EXCLUIDO
12	ICEACSA CONSULTORES, SLU	60.137,00
13	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, SL	EXCLUIDO

Asisten á apertura:

- D. Julio Roberes Cominges, en representación de URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, SL.
- D. José Ignacio Buján Díaz, en representación de AQUATICA INGENIERIA CIVIL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)

Entrégase o informe asinado polo coordinador deportivo da Concellería de Deportes do 14 de xullo de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co/s licitador/es que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle/s un prazo de tres días para xustificar a/s súa/s oferta/s:

1. DEGALLE CONSTRUCCIONES S.A
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611) (Sobre C)

Entrégase o informe asinado polo director técnico de deportes o 11 de xullo de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90514-210) (Sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro técnico industrial municipal e polo Xefe do servizo de administración electrónica e conformado polo xefe da area de seguridade e mobilidade o 12 de xullo de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611) (Sobre C)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo director técnico de deportes o 11 de xullo de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:35	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64A-55E88H-C32B41-LLRMNZ-R6DGR4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90514-210) (Sobre B)

Comparecen ante a mesa os funcionarios redactores do informe para aclarar diversas cuestións relativas ao mesmo: Antonio Vivero, Manuel Monroy e Antonio Villanueva.

1.- En primeiro lugar se pon de manifesto que diversas empresas ofertan melloras non previstas nos pregos que rexen a presente licitación, que se ben non son obxecto de valoración, tal e como aclara o Sr. Monroy, se é preciso ter en conta se algunha destas empresas resulta adxudicataria do contrato, pois ao formar parte da oferta as vinculan.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar do servizo que no informe de clasificación, fagan constar, no seu caso, as melloras ofertadas polo licitador clasificado en primeiro lugar en orde descendente, para que se poidan incluír posteriormente no contrato.

2.- Algúns licitadores nas súas ofertas, en concreto no punto 1.1.3.3., refírense a zonas que na actualidade non forman parte da zona de aparcamento regulado obxecto deste contrato. Así:

- EYSA e a UTE GERTEK-ACCIONA refírense á rúa Cánovas do Castillo.
- DORNIER refírese a novas zonas como as rúas Fátima, a Praza de Fernando o Católico, a Avenida da Florida ou a zona da Praza de América.

O sr. Monroy aclara que son meras previsións de desenvolvemento futuro e esta circunstancia non se tivo en conta a hora de outorgar a puntuación deste apartado.

3.- Os licitadores AUSSA, ESYCSA, UTE ESTACIONAMIENTOS VIGO (INGESER ATLÁNTICA-IBERPARK), segundo consta no informe, fan referencia, directa ou indirectamente, á adscrición ao servizo de vehículos eléctricos ou sostibles.

Así mesmo,ponse de manifesto que a oferta de SETEX-APARKI inclúe fotos de vehículos e o número dos que vai ofertar. Non aclara se os vehículos a ofertar son ou non sostibles.

A Mesa pregunta o sr. Vivero se da información aportada nas respectivas ofertas pode coñecerse a puntuación exacta que lles correspondería polo citado concepto. O sr. Vivero indica que se ben hai ofertas que se refieren a vehículos eléctricos, non mencionan o número destes polo que non se pode saber a puntuación exacta que, no seu caso, corresponderíalle no criterio da cláusula 16.2.4 do PCAP, “Compromiso medioambiental de utilización de vehículos menos contaminantes na flota adscrita á prestación do servizo”.

O sr. Monroy aclara que cos datos que conteñen as citadas ofertas non se pode saber a puntuación que lle correspondería conforme a citado criterio de adxudicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:35	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64A-55E88H-C32B41-LLRMNZ-R6DGR4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, acorda, por unanimidade, non excluír a ningún licitador por esta circunstancia.

4.- O licitador SABA di manifesta na súa oferta que ““El hardware y software que utilizan los parquímetros son propiedad intelectual de Parkare y el Sistema Operativo no es de código abierto, por lo que no será posible proporcionar el código fuente totalmente documentado así como las herramientas de ensamblado y linkado” (tomo 1, páxina 9, apartado 14.3.2). Neste punto, a oferta infrinxe o disposto na cláusula 14.3.2 do PPT que dispón que “A máquina deberá ser aberta tanto en hardware coma en software polo que o Sistema Operativo deberá ser de código aberto e soamente se aceptará, no caso de ser propietario, se se proporciona o código fonte totalmente documentado así como as ferramentas de ensamblado e linkado”.

Á vista desta circunstancia, a Mesa, por unanimidade, acorda excluír a SABA da presente licitación.

5.- As empresas SABA e a UTE GERTEK-ACCIONA non acadan o umbral mínimo de puntuación previsto no parágrafo final da cláusula 16.1.1. Segundo a mesma “Para garantir, tanto a calidade das ofertas, como unha posterior adecuada prestación do servizo, resultarán excluídas as ofertas que non acaden como mínimo o sesenta por cento (60 %) da puntuación deste apartado”. Dado que o criterio “Proxecto de implantación e explotación do servizo” se valorará con ata 40 puntos, o citado umbral sitúase en 24 puntos. SABA ten unha puntuación neste criterio de 21,05 puntos e a UTE GERTEK-ACCIONA de 21,85 puntos.

Á vista desta circunstancia, a Mesa, por unanimidade, acorda excluír a SABA e a UTE GERTEK-ACCIONA da presente licitación.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro técnico industrial municipal e polo Xefe do servizo de administración electrónica e conformado polo xefe da area de seguridade e mobilidade o 12 de xullo de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, coas aclaracións consignadas na presente acta.

10.- Proposta de clasificación

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)**

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:35	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64A-55E88H-C32B41-LLRMNZ-R6DGR4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U	100,00
2	BIOMED SA	48,43
3	ANEK 53 SL. PROYECTO SALVAVIDAS	25,47
4	CARYOSA HIGIENIC SOLUTIONS SL	15,61

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 15:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 20:35	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA64A-55E88H-C32B41-LLRMNZ-R6DGR4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		